

RESOLUCIÓN da Axencia Galega de Innovación pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 30 de abril de 2018 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 30 de abril de 2018 (DOG núm. 98 do 24 de maio), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Os contratos en vigor correspondentes a estas axudas están no ámbito de aplicación da Orde do 19 de xuño de 2020 (DOG número 128, do 30 de xuño), polo que a súa duración foi ampliada 6 meses no centro de destino do seu destino do seu segundo ano de estadía como consecuencia da situación creado pola Covid-19.

De acordo coas directrices emanadas da Instrución 2/2021, da Secretaría Xeral de Universidades e da Gain, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento na fase de estadía do persoal investigador contratado ao abeiro da modalidade A do programa de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2018, os servizos técnicos da Gain avaliaron a documentación achegada polas entidades beneficiarias alleas ao Sistema Universitario de Galicia.

De acordo co Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e co Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.



Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Axencia Galega de Innovación,

RESOLVE:

1. Declarar que as persoas indicadas a continuación acadaron unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 30 de abril de 2018 e coa Instrución 2/2021, o que lle posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.

Núm. expediente	Entidade	Apellido 1	Apellido 2	Nome	NIF
IN606B-2018/008	Fundación Profesor Novoa Santos	López	Díaz	María	*****29T
IN606B-2018/010	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Pereiro	González	Patricia	*****57R
IN606B-2018/006	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Roel	Sánchez	María	*****75Y

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que consideren procedente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

